

XOGADORES E MEMBROS DO CORPO TÉCNICO DO MONBUS OBRADOIRO AMOSAN O SEU APOIO Á DOAZÓN DE SANGUE

Xogadores e membros do corpo técnico do Monbus Obradoiro achegáronse na tarde do mércores 26 de novembro ata a unidade móbil da Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS), como xesto de apoio ás campañas de doazón de sangue. Esta iniciativa atopase dentro dunha campaña especial de doazón que esta mesma semana presentaron en rolda de prensa a directora da Axencia, Marisa López, e o director xeral do Monbus Obradoiro, Héctor Galán.

Todas as persoas que onte acudiron ata a unidade móbil estacionada na Praza Roja de Santiago, recibiron como agasallo, cedido polo Monbus Obradoiro, una entrada para asistir ao partido que o equipo santiagués disputará o sábado 6 de decembro fronte ao Flexicar Fuenlabrada. Así mesmo, todos os doantes participarán no sorte dunha camiseta asinada polo xogadores de Monbus Obradoiro.

A Axencia quere amosar o seu sincero recoñecemento a directiva, xogadores e membros do corpo técnico do Monbus Obradoiro, unha entidade deportiva que, desde sempre, ten amosado unha especial sensibilidade a prol do solidario xesto da doazón de sangue, desenvolvendo desde hai unha década, iniciativas destinadas a sensibilizar á cidadanía da importancia de doar sangue.

ADOS quere agradecer a súa inestimable colaboración aos membros da familia obradoirista e desexarlle os mellores éxitos deportivos na presente tempada.